

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Literatura e cultura do segundo idioma estranxeiro: Portugués				
Materia	Literatura e cultura do segundo idioma estranxeiro: Portugués			
Código	V01G180V01706			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Portugués			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Baltrusch , Burghard			
Profesorado	Baltrusch , Burghard			
Correo-e	burg@uvigo.es			
Web	http://http://estudoslusofonos.blogspot.com/			
Descrición xeral	Nesta materia trátase de adquirir un coñecemento e unha comprensión básicas tocante aos desenvolvementos e ás correntes máis importantes da historia das literaturas e culturas lusófonas (portuguesa, brasileira e africana) a través de textos literarios, obras audiovisuais, música, entre outras. Leranse e comentaranse obras e/ou excertos de obras literarias seleccionadas dos ámbitos brasileiro, português e africano lusófono. O obxectivo consiste en comprender, saber relacionar e saber analizar de xeito crítico os principais desenvolvementos literarios e culturais contemporáneos en Portugal, no Brasil e nos PALOP a partir do comentario e da interpretación de textos literarios e outros fenómenos culturais.			

Competencias	
Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.

B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
C23	Desenvolver a capacidade crítica respecto ás diferentes aproximacións de estudo e a súa posta en práctica.
C24	Sentar as bases e desenvolver a comprensión dos aspectos históricos e socio-culturais básicos dos grandes momentos da literatura expresada no segundo idioma estranxeiro.
C25	Coñecer os principais movementos, épocas e tendencias na historia da literatura do segundo idioma moderno nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais.
C26	Saber comentar e contextualizar obras e autoras/es seleccionados da literatura do segundo idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos.
C27	Mostrar un coñecemento básico dos principais movementos, épocas e tendencias na historia da literatura do segundo idioma moderno nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais e das/dos principais autoras/es que a protagonizan.
C28	Desenvolver a capacidade de comentar e contextualizar obras e autores seleccionados da literatura do segundo idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Comprender, saber analizar, comentar e discutir de forma crítica textos literarios e outras producións culturais provenientes de diferentes ámbitos lusófonos.	A2 A3	B6 B7 B8 B9 B11	C26 C28
Saber redactar textos (en forma de posts, pequenos ensaios e/ou traballos de proxecto dirixidos), realizar exposicións orais e debater nun nivel académico e crítico sobre temas relacionados coa literatura e cultura lusófonas.	A2 A4	B4 B6 B9 B11 B12	C23 C27 C28
Saber elaborar textos e proxectos de divulgación e de didactización de contidos literarios e culturais lusófonos en diferentes soportes.	A2 A4 A5	B4 B5 B6 B9 B10 B12	C23 C26 C27 C28
Coñecemento básico dos principais movementos, épocas e tendencias na historia da literatura do segundo idioma estranxeiro nolos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais e das/as principais autoras/autores que a protagonizan.	A1 A2 A3	B2 B4 B5 B10 B11 B12	C23 C24 C25 C27
Desenvolvemento da capacidade de comentar e contextualizar obras e autoras/es seleccionados da literatura do segundo idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos.	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B6 B7 B8 B11 B12	C23 C26 C28

Contidos

Tema	
Elementos de estudos culturais portugueses e aspectos da historia da Lusofonía desde o século XII.	Historia de Portugal; Historia dos descubrimentos e da colonización; Historia do Brasil; Historia dos PALOP; Formación das identidades culturais e nacionais; Aspectos antropolóxicos e etnolóxicos seleccionados.

Aspectos seleccionados das principais épocas e correntes das literaturas portuguesa, brasileira e africana lusófona.	Renacemento; Barroco; Ilustración; Romanticismo; Modernismo e outras vangardas; Literatura colonial e poscolonial; Correntes actuais; Formación da literatura brasileira; Formación dos sistemas literarios nos PALOP.
Elementos de análise de correntes, de autoras/es, de obras e/ou de excertos de obras seleccionadas.	Obras e/ou excertos de obras procedentes das seguintes épocas: Idade Media; Renacemento; Romanticismo; Modernismo e outras vangardas; Literatura colonial e poscolonial; Correntes actuais; Formación da literatura brasileira; Formación dos sistemas literarios nos PALOP.
Exemplos seleccionados de música e obras audiovisuais contemporáneas da lusofonía.	Exemplos procedentes de Portugal Brasil PALOP
Elementos seleccionados da actualidade cultural lusófona.	Política; Blogs; Outros aspectos actuais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	16	8	24
Traballo tutelado	0	30	30
Presentación	2	20	22
Estudo de casos	12	20	32
Aprendizaxe colaborativa	20	20	40

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Organización interna da materia. Información bibliográfica. Introdución ás ferramentas dixitais. Temas e organización dos traballos tutelados e doutros exercicios.
Lección maxistral	Os principais temas da materia serán introducidos a través dunha serie de exposicións maxistrais por parte do profesor en lingua portuguesa.
Traballo tutelado	Cada estudante realiza ao longo do período lectivo un traballo de proxecto escrito, dirixido polo profesor, sobre un tema relacionado coa literatura e/ou cultura da lusofonía.
Presentación	Cada estudante realizará unha exposición oral de aproximadamente 20 minutos sobre un tema relacionado coa Lusofonía, cuxa preparación será dirixida polo profesor.
Estudo de casos	Realizarase unha serie de sesións dedicadas á análise pormenorizada de textos literarios e/ou outros aspectos culturais específicos da lusofonía.
Aprendizaxe colaborativa	Proxectos, comentarios, lecturas e outros traballos realizados ao longo do cuadrimestre.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A orientación dos traballos tutelados realizarase a través de titorías individualizadas. En certos casos poderán realizarse titorías en grupo.
Presentación	A orientación das exposicións orais realizarase a través de titorías individualizadas. En certos casos poderán realizarse titorías en grupo.
Aprendizaxe colaborativa	A orientación dos proxectos e doutras contribucións realizarase a través de titorías individualizadas. En certos casos poderán realizarse titorías en grupo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	Avaliarase un traballo de proxecto escrito de aproximadamente 15 páxinas (con introdución, parte principal, conclusión e bibliografía, seguindo as normas de estilo e de referenciación bibliográfica indicadas para o TFG), sobre un tema que se acordará co/a profesor/a. Un primeiro esbozo (como mínimo, a estrutura e a bibliografía) entregarase en formato Open Office ou Word ata o día 1 de decembro. A entrega da versión definitiva realizarase ata o día 17 de xaneiro.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C23 C24 C25 C26 C27 C28
Presentación	Durante o período de aulas, cada estudante realizará unha exposición oral de aproximadamente 20 minutos sobre un tema que se acordará co/a profesor/a, acompañado de guión e bibliografía.	30	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C23 C24 C25 C26 C27 C28
Aprendizaxe colaborativa	Avaliación continua dos proxectos, comentarios, lecturas e outros traballos realizados ao longo do cuadrimestre.	30			

Outros comentarios sobre a Avaliación

Pautas xerais

As/os estudantes deberán escoller, de forma obrigatoria nas primeiras dúas semanas do cuadrimestre en cuestión, entre dúas opcións: un sistema de avaliación continua (*cf. supra* a descrición en "Avaliación") ou un sistema de avaliación única. Recoméndase optar polo primeiro.

A copia ou o plaxio en calquera das probas das avaliacións continua ou única poderá motivar a solicitude de apertura dun expediente sancionador, nas dúas edicións das actas. Alegar descoñecemento do que supón plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade nese aspecto.

Avaliación continua

Para superar a materia, será preciso entregar coa regularidade requirida as prácticas de clase e obter unha nota mínima de **cinco** (sobre dez) enn todas as partes de avaliación. De non acadar a nota de cinco nalgunha destas formas de avaliación, non se realizará media.

A non realización de probas ou exercicios parciais previstos polo sistema de avaliación continua (*cf. supra* a descrición en "Avaliación") suporá a obtención dunha cualificación de 0 (cero) puntos nesta.

A data do exame de avaliación continua coincidirá coa data do exame de avaliación única recollida no calendario oficial da FFT.

Avaliación única

Para superar a materia, será preciso superar cunha nota mínima de cinco (sobre 10) as dúas probas seguintes:

-Traballo tutelado (50%), coas mesmas características que o que se describiu máis arriba. Entregarase como moi tarde no día do exame oficial marcado do calendario da FFT.

-Exame oral (50%). Duración mínima de 30 minutos e máxima de 60, que versa sobre todos os contidos e textos de lectura obrigatoria da materia que se disponibilizarán no inicio do cuadrimestre. Realizarase no día do exame oficial marcado do calendario da FFT ou nun día alternativo acordado co/a profesor/a.

Deberase obter en ambos casos unha cualificación mínima de 5 puntos (sobre 10) para poder efectuar media.

A data do exame de avaliación única será establecido pola FFT e publicado no seu calendario oficial.

Segunda edición das actas

Os mesmos criterios de avaliación única aplicaranse na segunda edición das actas (xullo).

O alumnado de avaliación continua que non supere a materia na primeira convocatoria e teña que acudir á segunda edición das actas terá que presentarse unicamente á parte que teña suspensa.

En todo caso, recoméndase a asistencia regular ás aulas e ás titorías e a consulta dos materiais e informacións específicas na plataforma MOOVI, mesmo que non se siga o sistema de avaliación continua.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Moisés, Massaud (dir.), **História da Literatura Brasileira (5 vols.)**, 4ª, Cultrix, 1997-

Bosi, Alfredo, **História concisa da literatura brasileira**, 44ª, Cultrix, 2018

Bosi, Alfredo, **Dialética da colonização**, Companhia das Letras, 1993

Ribeiro, Maria Aparecida, **Literatura Brasileira**, Universidade Aberta, 1994

Sequeira, Rosa (coord.), **Textos de Literatura Brasileira**, Universidade Aberta, 1997

Reis, Carlos, **História Crítica da Literatura Portuguesa (9 vols.)**, Verbo, 2005

Gavilanes, José Luis / Apolinário, António (eds.), **Historia de la literatura portuguesa**, Cátedra, 2000

Buescu, Maria Leonor Carvalhão, **Literatura Portuguesa Clássica**, Universidade Aberta, 1992

Reis, Carlos, **Literatura Portuguesa Moderna e Contemporânea**, Universidade Aberta, 1990

Laranjeira, Pires, **Literaturas Africanas de Expressão Portuguesa**, Universidade Aberta, 1995

António Reis, Maria Inácia Rezola e Paula Borges Santos, **Dicionário de História de Portugal: o 25 de Abril**, 9789786612225, vol. 1, Figueirinhas, 2016

António Reis, Maria Inácia Rezola e Paula Borges Santos, **Dicionário de História de Portugal: o 25 de Abril**, 978-9726612285, vol. 7, Figueirinhas, 2018

António Reis, Maria Inácia Rezola e Paula Borges Santos, **Dicionário de História de Portugal: o 25 de Abril**, 978-9726612254, vol. 4, Figueirinhas, 2017

António Reis, Maria Inácia Rezola e Paula Borges Santos, **Dicionário de História de Portugal: o 25 de Abril**, 9789726612230, vol. 2, Figueirinhas, 2017

António Reis, Maria Inácia Rezola e Paula Borges Santos, **Dicionário de História de Portugal: o 25 de Abril**, 9789726612247, vol. 3, Figueirinhas, 2017

António Reis, Maria Inácia Rezola e Paula Borges Santos, **Dicionário de História de Portugal: o 25 de Abril**, 9789726612261, vol. 5, Figueirinhas, 2017

António Reis, Maria Inácia Rezola e Paula Borges Santos, **Dicionário de História de Portugal: o 25 de Abril**, 978-9726612254, vol. 4, Figueirinhas, 2017

António Reis, Maria Inácia Rezola e Paula Borges Santos, **Dicionário de História de Portugal: o 25 de Abril**, 9789726612278, vol. 6, Figueirinhas, 2018

Ana Tereza Pinto Oliveira, **Manual Compacto de Literatura Portuguesa**, 978-8533916128, Bicho Esperto, 2010

Celso Leopoldo Pagnan, **Manual Compacto de Literatura Brasileira**, 978-8533916005, Bicho Esperto, 2010

Fernando Cabral Martins (coord.), **Dicionário de Fernando Pessoa e do Modernismo Português**, 978-972-21-1985-6, Caminho, 2008

Fernando Cabral Martins, **Introdução ao Estudo de Fernando Pessoa**, 978-972-37-1788-4, Assírio&Alvim, 2014

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Grao/V01G180V01991

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Segundo idioma estranxeiro V: Portugués/V01G180V01607

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Segundo idioma estranxeiro IV: Portugués/V01G180V01406

Outros comentarios

As clases desta materia impartiranse en lingua portuguesa, podendo as/os estudantes responder en lingua portuguesa, galega ou castelá, segundo as súas preferencias. As exposicións orais realizaranse em lingua portuguesa. Os traballos escritos poden ser redactados en lingua portuguesa (preferentemente), galega, castelá, inglesa, francesa ou alemá. Con todo, recoméndase con toda a insistencia que a/o estudante dispoña dun coñecemento pasivo de lingua portuguesa suficiente (B1 como mínimo) para poder seguir unha exposición académica e, tamén, para ler e comprender textos literarios e ensaísticos neste idioma.

Convén que o alumnado se habitúe ao longo do cuadrimestre a ler/oír/ver noticias en lingua portuguesa en medios de comunicación tanto portugueses, brasileiros como tamén africanos lusófonos.

Aviso importante para o alumnado de intercambio (Erasmus): O ensino de Literaturas e Culturas Lusófonas na UVigo diríxese

a un alumnado que ten o galego e/ou castelán como lingua materna e que parte de coñecementos históricos e literarios destas culturas, de maneira que a progresión é rápida. Non se recomenda ao alumnado de intercambio que non teña como mínimo un nivel de B1 en lingua portuguesa matricularse nesta materia.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Mantéñense metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa salvedade de que unha alerta sanitaria obrigue a activar un ensino exclusivamente virtual. Neste caso, metodoloxías, contidos, avaliación e titorías realizaranse coas ferramentas virtuais proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e plataforma Moovi).

=== MODALIDADE MIXTA ===

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.